

RESOLUCIÓN 02/14

En base ao recollido no artigo 10.4 do Regulamento Electoral no que se recolle que cando o número de candidatos de calquera estamento coincida co número de membros que hai que elixir non será precisa a celebración de eleccións e tendo en conta a Resolución 01/14 desta Xunta Electoral na que se distribúen os membros da Asemblea Xeral

A Xunta Electoral da FEGAN,

RESOLVE:

1. Considerar a todos os Clubs deportivos recollidos no censo electoral como candidatos para o estamento de Entidades Deportivas, ao ser o número de membros igual ao que hai que escoller; co fin de que non teñan que remitir todos a súa candidatura.
2. Igualmente, procede habilitar a posibilidade a todas as Entidades Deportivas da nosa Federación a que poidan manifestar a súa vontade de non presentarse a este proceso e non formar parte da Asemblea Xeral.
3. Remitir unha carta aos presidente dos Clubs que conforman esta Federación explicando esta resolución e dándolle maior publicidade a este acordo.

A presente resolución publicarase para coñecemento público e contra a mesma poderase interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nun prazo de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Electoral.


Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e praxe do presidente, na Coruña, 1 de novembro de 2014.

O secretario da XE,



Asdo.: Aitor Bouza Manso

Vto. e praxe: o presidente,



Asdo.: Pedro L. Fernández Pombo